

Recomendacións de uso do Servizo Técnico de Instrumentación Científica

Como consecuencia do coñecemento de certas alteracións no funcionamento habitual do Servizo Técnico da USC no referido a solicitudes de intervención, é de interese recordar aos usuarios deste servizo que as tarefas acordadas a realizar polo Servizo Técnico de Instrumentación Científica segundo o Prego de Prescricións Técnicas firmado pola empresa adxudicataria, son as seguintes:

- *Reparación, conservación, revisión, comprobación e axuste dos equipos instalados ou que se vaian a instalar na USC*
- *Substitución dos compoñentes defectuosos (os materiais son facturados aos solicitantes do servizo)*
- *Mantemento preventivo que abrangue a información do estado dos equipos e a previsión da substitución de pezas e compoñentes nos que se detecten anomalías*
- *Colaboración, asesoramento técnico e supervisión para a montaxe de novos equipos e instalacións*

Para acadar unha optimización dos recursos (materiais e humanos) que brinda o Servizo Técnico á comunidade universitaria é necesario levar a cabo unha reorganización das tarefas, persoal, funcións e responsabilidades, co obxecto de mellorar o aproveitamento dos medios dispoñibles grazas a unha xestión directa máis eficaz e eficiente.

Deste modo, ten sentido solicitar que as direccións de departamento ou de centro, teñan coñecemento e mesmo actúen directamente nas solicitudes de intervención do Servizo Técnico, limitando a interlocución a unha-dúas persoas, o que facilitará tódalas xestións posteriores. Isto ademais, dota dunha información importante a departamentos ou centros, en materia de previsión e provisión non só económica, senón organizativa e loxística.

Faise necesario tamén establecer unha serie de recomendacións a ter en conta polos usuarios ao solicitar intervencións do Servizo Técnico da USC:

- As solicitudes de mantemento e reparación deben facerse en **TÓDOLOS** casos a través do formulario web seguinte <http://www3.usc.es/Riaidt/ServizoTecnico/FormularioPetitionServizo.asp>. En ningún caso os técnicos do servizo acudiran a unha solicitude que sexa feita por un medio diferente a este.
- Como norma xeral, os técnicos atenderán ás solicitudes seguindo a orde na que sexan gravadas. En casos especiais os técnicos poderán dar prioridade baseándose no seu mellor criterio, ás solicitudes en función das seguintes pautas:

1. Daráselle máxima prioridade ás solicitudes dos Servizos nos que a **subsistencia de organismos vivos** estea directamente comprometida ca reparación do equipo (p. ex. Animalario, Herbario, Hospital Veterinario, etc.).
2. Daráselle prioridade á asistencia aos **Servizos Xerais de Investigación dependentes da RIAIDT** cando a reparación implique un equipo de investigación de uso diario.
3. Tamén se lle dará prioridade aos servizos demandados nun mesmo edificio ou Campus, sempre e cando dita asistencia implique un desprazamento importante do técnico con respecto da localización das instalacións do Servizo Técnico (Campus VIDA).
4. As operacións de **mantemento, calibración/validación e limpeza das instrumentacións científicas**, terán **SEMPRE** carácter **NON URXENTE**, polo que en ningún caso se lles dará prioridade fronte a solicitudes que haxan sido gravadas antes que elas. Como norma xeral pedímoslles ós usuarios encargados do equipamento susceptible de levar a cabo este tipo de operacións, que **soliciten ó Servizo Técnico con a lo menos un mes de antelación a realización das tarefas indicadas**.

A adopción destas recomendacións implicará unha maior eficiencia e rapidez na asistencia do Servizo Técnico á comunidade universitaria, polo que agradecemos aos seus usuarios a lectura e coñecemento deste documento.